



Brais Lamela



1

Autoficción xeracional

Por César Lorenzo Gil (biosbardía, 2023)

Ninguén queda, de Brais Lamela (Vilalba, 1994), publicado na colección 'Rúa do Lagarto', da editorial Euseino?, gañou o Premio da Crítica Española na categoría de narrativa en galego no 2022. É a primeira novela do seu autor, que xa recibiu varios recoñecementos, o Xuventude Crea de poesía, por exemplo.

Antes de entrar na novela, coido interesante sinalar que a propia editorial dubida de que esteamos diante dunha novela, digamos, convencional. A colección na que se publica, a devandita 'Rúa do Lagarto', ten como obxectivo, segundo podemos ler na propia lapela do libro: "nha colección que non aspira á rotundidade das grandes avenidas planificadas de xeito preciso, senón á factura parcial das calellas que se constrúen a si mesmas co pasar do tempo". Tamén, nesa mesma definición, o texto afirma: "Serán os obxectos literarios que queiran aparecer nela os que definan e configuren a súa arquitectura". Polo tanto, esa autodeterminación do texto acaba por ter máis auctoritas que calquera outras coordenadas editoriais.

E no caso de *Ninguén queda* é evidente que estamos diante dunha novela. Unha novela moderna, claro, non feita coas costuras decimonónicas aínda moitas veces vistas na narrativa galega contemporánea, pero si acomodada na maneira de escribir, tamén por autores centrais do sistema, en linguas europeas ou nos Estados Unidos: mestura de técnicas narrativas, autoficción, reflexión sobre o presente e pasado inmediato...

O argumento é doado de resumir. O narrador estuda arquitectura en Nova York, onde escribe a súa tese sobre os asentamentos de colonización na Terra Chá na década do 1960, un dos grandes plans de reordenamento do territorio do réxime franquista, se cadra máis estudado e divulgado en autonomías como Extremadura ou Andalucía, pero pouco coñecido no relativo á súa aplicación en Galicia. Cando o narrador descobre unha historia concreta dunha muller concreta que viviu aquela época, o seu grao de interese aumentará exponencialmente.



Tertulias Literarias

2

O primeiro acerto narrativo de Lamela é non renunciar ao perfil ensaístico. A literatura debe ser subxectiva, contar desde un punto de vista concreto, e é interesante ver como ese narrador en primeira persoa comparte as súas teimas, case obsesións, ao redor do tema que estuda. Lamela consegue que o lector o siga incluso cando o tema se fai árido ou se lle nota que retorce até o máximo a súa percepción para relacionar determinadas experiencias co seu obxecto de estudo.

E máis alá do valor literario deste recurso, o subliñado dese punto da nosa historia serve para iluminalo. A historia ten como función localizar os sucesos que nos precederon, pero só a literatura é quen de encarnalos e darlles alento. E *Ningún queda* consegue este obxectivo.

Ningún queda
Por Brais Lamela



Tamén é moi interesante o uso do espazo doméstico para explicar a relación/diferenza entre as vivencias dun mozo que vive na gran metrópole do mundo occidental e a reconstrución da vida daqueles ex caseiros e desposuídos que tiveron que adaptarse a un mundo deseñado sen contar con eles. Quizais esa mirada tan profunda sobre a casa teña a ver coa experiencia do confinamento, pero en calquera caso a vivenda é un obxecto histórico moi relevante hoxe en día (escaseza, carestía, habitabilidade...) e en poucas ocasións protagoniza o feito literario.

A obra de Lamela podemos inscribirla na autoficción xeracional. Si, dixeran antes que o narrador é peculiar porque comparte connosco as súas teimas persoais, pero no fondo, este narrador leva sobre os ombros certa representación de “todos os narradores análogos”. Entre liñas nótase a obriga de “contar o que sucede”, nesa dupla situación na que os escritores galegos levan décadas: explicar o presente, pero tamén acabar co silenciamento do pasado.

No primeiro sentido, Lamela é consciente de como encarar arestora o relato sobre a emigración galega máis nova. Expresa perfectamente a nova fasquía dos dilemas que perseguen o desterrado, sexa como for a caste da súa separación da terra e dos seres amados.

Habitualmente a segunda dimensión, a da descuberta da historia recente (moi estudada pola crítica), está relacionada co feito trágico da Guerra do 36, pero é facilmente comprensible que polo feito biolóxico xa sexa moi difícil construír unha memoria vívida sobre aqueles feitos, pero si en cambio é posible investigar e aprender sobre os sucesos para os que aínda hai testemuñas lúcidas, caso desa colonización que trata o libro. Lamela vólvese entón non só en voz do seu tempo, senón que segue a tradición de parte da nosa literatura contemporánea de tamén servir para darlles voz aos seus avós.

No plano literario, *Ningún queda* é un texto ben escrito en xeral, aínda que perde forza na súa parte costumista, é dicir, na descrición da rutina dese apartamento neiorquino onde parece que o tempo se repite. O principal problema é o abuso de determinadas fórmulas expresivas para dotar a novela dun determinado ritmo: a lista, a metáfora (demasiado evidente en moitas ocasións), a descrición minuciosa... Chega a xerar unha monotonía que dana o texto, que o frea, tamén porque a sintaxe en moitos momentos é mellorable. O uso do xerundio e da subordinada réstanlle moito interese a algunhas pasaxes do libro.

Fonte: <https://biosbardia.wordpress.com/2023/06/19/ninguen-queda-autoficcion-xeracional/>



Camiñar polas nosas ruínas

Por Rodrigo Herrera Alfaia (elsaltodiario.com, 2022)

Euseino? presenta *Ninguén queda* de Brais Lamela, unha obra que afronta o problema dos nosos espazos e do seu pasado.

É certo, penso. Non hai dúbida de que a casa está completamente transformada. Hai algún libro polo chan, seguro que da xente da comuna: O lobo estepario, de Hermann Hesse, O alquimista. Achégome á cociña. Aínda queda unha vaixela detrás dunha vitrina, cuberta polas arañeiras. As portas da vitrina xa podreceron coa humidade, igual ca as gabetas, que se dobraron cara adiante ata desprenderse de todo.

O fragmento co que comeza esta resención, relata o episodio en que un dos personaxes de *Ninguén queda* entra a unha casa vella en Ernes, unha aldea do concello de Negueira de Muñiz que foi baleirada polo goberno franquista por mor da construción dun inmenso encoro. A narración semella o percorrido polo interior dunha ruína. Un obxecto que, como escribe Wajcman en *O obxecto do século*, é case pura memoria. Ou, noutras palabras, unha entidade que ve superada a súa propio materialidade polo peso da súa historia íntima. A ruína deixa de ser o que algunha vez foi, para pasar a ser só exposición do tempo. A escrita de Brais Lamela atópase na tensión que suxire este curioso obxecto: a da materialidade, a memoria e os diferentes xeitos de habitala.

A historia que Galicia mantén coas ruínas é case fundacional. As andainas polos montes galegos non deixan de presentar lugares que se impoñen entre o fento e as silvas, arquitecturas extraviadas que apenas presentan a súas partes máis elementais. En moitos casos, estes espazos deixaron de ser territorios de disputa simbólica e pasaron a ser só formas fósiles. E isto ofrece un conxunto de preguntas importantes para nós: que tipo de



Tertulias Literarias

4

compromiso podemos adoptar con eses espazos?, que facemos con eles? E *Ninguén queda* é unha desas respostas, un xeito de atopar diálogo coa ruína e coa súa espesura.

Na novela de Brais Lamela acompañamos un estudante que traballa nunha tese sobre o desprazamento forzado cara a Terra Chá, o chamado Instituto de Nacional de Colonización e chegada do desarrollismo a Galicia. Porén, o máis importante non é a súa dimensión documental, senón a súa vontade de imaxinar formas de resolver un conflito silencioso. Refirome ao problema dos nosos espazos, a aquilo que deixan a súa arquitecturas perdidas na vida das persoas: que significa vivir entre as ruínas? Nese sentido, a obra de Brais é case arqueolóxica. Pero non no sentido foucaultiano, senón naquel en que a escrita é un esforzo por animar as presenzas que habitaron un espazo perdido. Como o arqueólogo, Brais traballa coa ruína, cos seus detalles, os seus límites. Neste exercicio tan sutil, distante da crónica histórica, hai un descubrimento paulatino e incerto dos restos que a ruína ofrece. Como o caso dunha personaxe que é, por si mesma, unha memoria que se vai escribindo:

Da súa muller non che sei moito, nunca tiven trato con ela. Érache de poucas falas, unha desas que mira sempre de esguello e non para a falar coa xente despois da misa. A xente deu en culpala pola morte do home. Foi por iso que ninguén se queixou moito cando a botaron fóra.

Xa que logo, esta escrita da presenza non é unívoca, senón que se descobre polo restos perdidos e pola experiencia do narrador. Non hai obxectivación nin reificación dunha entidade perdida, senón formas de inestabilidade mantida. E iso é importante. Brais non clausura o problemas das ruínas ao asumir que a resposta está en expoñer unha historia acabada. Habitar a ruína significa asumir a súa propia continxencia. O obxecto ruína -en tanto memoria- nunca está acabado e iso é Ninguén queda, unha obra que asume ese difícil compromiso co pasado.

Quizabes por iso estamos ante unha obra en que as voces se mesturan. Non sempre parecen amosar os seus límites evidentes con signos ortográficos ou os verbos de fala. En todo caso, parece que ese pasado non pertence só ao narrador, senón que, como todo tempo, pertence a un conxunto de voces que participan do seu propio sentido. Unha vez máis, na obra de Brais, non hai vontade por crear unha historia positiva, senón o compromiso por escoitar un relato inestable, aberto.



Tamén, esta obra non deixa de operar, asemade, coma un exercicio de recuperación e coma unha forma de ficción:

Os planos do territorio de colonización da Terra Chá comprenden escolas e comedores diferenciados: un para rapaces e outra para rapazas. Fronte un mundo social de escolas unitarias, búscase reafirmar as divisións de xénero, comezando polo espazo básico da escola. Os plans de educación tamén reproducen esa diferenza: os rapaces son convidados aos parques de maquinaria para que coñezan as marabillas dos tractores novos mentres que as rapazas pasan a tarde en clase de economía doméstica (...).

O autor propón un exercicio que ficcionaliza o propio proceso de investigación. E este non é un detalle menor porque axuda a propoñer unha relación entre a investigación e a práctica estética. Unha estratexia



Tertulias Literarias

narrativa que é interesante porque suxire que ambos procesos están sometidos a procedemento que non son alleos. Hai, sen dúbida, na escrita académica -no mellor dos casos- formas de construír sentido, de tecer un relacións inesperadas. Así como a escrita creativa supón, como afirma Cristina Rivera Garza, unha vontade de pescuda.

Foto: El Progreso



Alén diso, Brais converte o espazo da imparcialidade académica nun terreo de posibilidades que involucra a todas aquelas experiencias e identidades que acompañan o investigador. Porque o exercicio intelectual, como demostra *Ningún queda*, é unha práctica que acariña a dimensión pública. O narrador, aínda que é un pensador atento e reflexivo, non se reafirma como a figura solitaria da erudición. O seu propio proceso involucra unha rede afectiva que se enuncia a través das súas palabras. Xa que logo, o narrador é fiel e amable coas persoas que o acompañan e co pasado que o alimenta.

Agora ben, non é mentira que *Ningún queda* tamén é unha obra sobre a migración. O protagonista está a preparar o seu proxecto de investigación en Estados Unidos e unha parte da historia relata a súa experiencia no estranxeiro.

A tematización dos migrantes na literatura galega é canónica. E non é sorpresa tampouco que novas xeracións de autoras e autores estean dando un xiro na recuperación desa tradición literaria. Con todo, creo que ese “retorno” -se ven ao caso chamalo así- exige unha atención especial. E é que a experiencia migratoria nos últimos anos pasou a ser comprendida en espazos de pensamento militante e mesmo universitario como un proceso de difícil universalización. Falar do suxeito migrante como entidade homologable pode derivar nunha mirada inxusta de experiencias que non poden ser equivalentes. Nese sentido, a produción literaria europea non debería perder de vista a disputa e a defensa que autoras e autores migrantes e racializadas exercen da súa propia conceptualización. Quizais, *Ningún queda* fica cunha débeda pendente neste importante debate.

No entanto, a obra de Brais Lamela é un exercicio importante sobre os nosos propios espazos. Ao mesmo tempo, demostra unha forma de pensar a relación entre pescuda e creación literaria. Así, é sen dúbida unha forma de atender con sensibilidade a historia das nosas ruínas baleiras.

Esta obra forma parte da colección Rúa do Lagarto dirixida por Berta Dávila e posibilitada polo traballo da Fundación Euseino? Esta última é destacable no sistema literario galego ao ser unha organización non lucrativa e independente no territorio.

Fonte: <https://www.elsaltodiario.com/o-prelo/ninguen-queda-brais-lamela-euseino>



Tertulias Literarias



Arneiro. Cospeito, Lugo
Poboado de Colonización.

Fonte: Google maps

6

"Ninguén queda" de Brais Lamela

Crítica de Xosé M. Eyré

Ben, antes de nada cómpre saudar a estrea da nova liña de Euseino? Editores decicada á literatura e dirixida por Berta Dávila. Estas cousas sempre nos lembran que como literatura de noso aínda seguimos vivos, e ademais de engadir unha presumíbel nova dirección expresiva é outra plataforma que fai público contido literario na nosa lingua. Que non é pouco.

O título escollido para esta estrea é esta *Ninguén queda* de Brais Lamela, que tamén é a súa estrea na narrativa, así que parabéns aínda máis.

Dígame de primeiras que a novela se sitúa nese territorio mixto, nese territorio intersticial entre a ficción e a realidade, tan na moda nos últimos tempos e no que Berta Dávila é un dos nomes salientábeis. Existe preocupación, xa nunha dimensión que sobarda as nosas fronteiras, sobre se se está perdendo ficción neste tipo de narrativa. A verdade é que o tema, exposto nesas coordenadas, preocúpame pouco, porque sempre será literatura e a literatura se non é multiformal...entón si que temos que preocuparnos. Porén sempre é positiva a reflexión a que se nos convida. Desde logo, sería unha parvada establecer ou requirir cotas de ficción na narrativa, pois a narrativa non só é ficción. Ao longo da mesma novela de Brais Lamela aparece e reaparece a cuestión, non en porfía, mais si o suficiente como para decatarnos de que é un asunto sobre o que a mesma autoría se inquire. Cómpre ler con moita atención estas pasaxes, porque presentan moito interese, porén non é este o camiño que queremos seguir nesta crónica libresca, senón outro que imos enfiar de seguido.

Verán, a novela conta cun deseño editorial en dúas partes, que se corresponden cun troco moi significativo no enredo, que se corresponden tamén con dous focos de atención lectora diferentes. Na primeira parte, un mozo galego que vive nos USA pesquisa sobre a colonización franquista da Terra Cha con xentes ás que un encoro asolagou as súas casas e propiedades. Non é a primeira vez que isto é tratado na narrativa galega, sen ter que retroceder até Xosé Fernández Ferreiro e *Morrer en Castrelo do Miño*, na novela de Jaureguizar *A cova das vacas mortas* (2006) achamos concomitancias con esta de Brais Lamela, aquí é a aldea de Ernes, na de Jaureguizar é a de Foxo, mais nas dúas temos a presenza de comuna hippie. Fora diso, e volvendo ao

2023-2024



Tertulias Literarias

7

discurso que nos ocupa, o protagonista elabora seis teses sobre o que significa habitar unha casa, un lugar. Esa actividade intelectual tamén é un modo de denuncia desde case o mesmo inicio en que se teoriza sobre cal é parte máis política dunha casa e se expón como o franquismo non só asolagou casa e propiedades da xente senón que condicionou e dirixiu á súa comenencia as vidas das persoas. E está mesturado este estudo do pasado con noticias do acontecer no día a día do mozo. Evidentemente, en principio, tal cousa non semella foco tan atraente como o outro, porén convén mesuralo e repensalo (sobre todo unha vez lida a novela) porque se reflexiona tamén sobre a casa e as pegadas de vida que imos deixando nelas e elas en nós. Alén diso, tamén nesta parte se dá a pesquisa sobre unha muller cuxa vida é un misterio e, desde certa altura parece ademais de misterio tamén se converte en desafío o seu coñecemento.

Explotación de vacas rubias nos campos que ocuparon os colonos

Foto: La Voz de Galicia



Na segunda parte o mozo está de volta na Galiza e vai de viaxe a Ernes ver o que atopa. Na primeira parte viuse a creación, nesta segunda examínanse os restos que levaron á fundación. Xa non hai máis teorías como na primeira parte, o cal non quere dicir que non sexa reflexiva, porque si o é. Acá entramos no que particularmente máis me interesa, que é casa como lugar de vestixios, como testemuño e testemuña do paso do tempo, como cofre da vida. Como memoria, en definitiva; porque aínda que sufran modificacións estruturais, sempre que non haxa nova edificación no lugar da vella, ten o poder de supervivencia no tempo. Isto conflúe coa memoria humana, máis fráxil, se se quere, porque non depende tanto do que unha persoa faga como do que os demais poidan lembrar dun. Esta é a gran mensaxe da novela, alicerzada na estrutura. Diría máis, a memoria humana, neste caso, foi quen de pervivir inclusive á implacábel persecución política; porén na memoria humana ou hai solidariedade, interdependencia, ou se volve practicamente obxecto museístico. Sen humanitarismo é lóxico que pouco do home con especie quede.

Son consciente de que polo medio, no enredo, existen bifurcacións temáticas moi interesantes, hai metaliteratura, un repensar sobre como se vai construíndo a literatura, as personaxes, o propio enredo, inclusive sobre a repercusión da ficción na construción do real e ao revés. Tamén dá para iso. Mais a min foime moi difícil non ter presente o poemario de Carlos Lema *O álbum da cuarta dimensión*, por iso escollín esta focalización temática.

Xa no plano puramente formal non atopei nada novo. Hai que preguntarse até que punto sería posíbel iso. Porén, ese convivio dos pormenores do presente no día a día coa pesquisa a partir de pormenores do pasado que chegaron a pervivir, nun enredo novelístico no que non distingo quebra formal, tamén ten o seu




Tertulias Literarias

significado se se interpreta como unha eclosión do novo non sobe cinsas senón a partir da sutileza que é posíbel nunha escrita, digamos, non estridente.

Necesito tamén comentar que se trata dunha edición limpa, alén dunha confusión no uso do pronome persoal, é unha edición moi coidada. Necesito comentalo porque nas grandes editoras é frecuente o contrario. Aínda ben que a profesionalidade acha acobillo no amor e mimo polo que se está facendo. Toda unha lección.

Fonte: <https://ferradura.blog/2022/07/28/critica-de-ninguen-queda-de-brais-lamela-na-nova-coleccion-rua-do-lagarto-de-euseino/>



"Na literatura galega hai exemplos de mulleres desaparecidas que viven experiencias extremas"

Por Laura Veiga (nosdiario.gal, 2022)

Brais Lamela, escritor, fala da súa primeira obra, *Ninguén queda*, publicada polo selo editorial da Fundación 'Euseino?', unha organización non lucrativa independente, e no que se combinan fórmulas propias do ensaio interpretativo coas estratexias da ficción. Lamela fala das experiencias de desprazamento e da experimentación na escrita, como el di, "xogar coas xenealoxías literarias e mesturar o real coa ficción".

Cal era a intención ao escribir *Ninguén queda*?

Quería facer un libro sobre vidas cruzadas, experiencias que parecen distintas, separadas no tempo e no espazo, mais que se tocan na experiencia do desprazamento. A novela segue a historia dun mozo galego en Nova York que investiga sobre a colonización da Terra Chá. Ás veces temos unha idea do mundo intelectual ou académico como algo separado da nosa experiencia persoal, mais non creo nesa diferenza. Observar unha figura que pensa sobre o desprazamento e ao mesmo tempo o experimenta, pór en tensión o peso da historia coa nosa vida cotiá, o privado co público... Supoño que desas intuicións nace o libro.

A obra abre a colección *Rúa de Lagarto*, de Euseino??

O libro non existía hai un ano, máis ou menos cando a colección apareceu, así que podemos dicir que as dúas cousas naceron xuntas. Cando Berta Dávila me escribiu para preguntarme se quería presentar algo, o



Tertulias Literarias

9

que máis me interesou foi poder escribir en diálogo con ela. En xeral, o proceso de escritura pode ser algo solitario e gustábame o experimento de pensalo como unha conversa.



viviendas en ARNEIRO



parque de maquinaria ARNEIRO



Escuela de capacitación agraria ARNEIRO escuela unitaria ARNEIRO

Interesoume tamén o ángulo elixido pola fundación para a colección, unha literatura de textos híbridos e singularidades; unha aposta polos xéneros que están nas marxes. Penso que o libro causa nas persoas lectoras certa perplexidade: é unha novela? ou outra cousa? Ás veces chámolle novela simplemente porque me parece que en moitos sistemas literarios textos moito máis radicais que este reciben o nome de novelas e, polo tanto, paréceme importante que esteamos dispostos a chamarlles novelas a cousas que xogan coas nosas expectativas do que unha novela debería ser. Pero interésame máis a perplexidade que buscar unha definición fixa: a literatura ten que xogar coas nosas ideas do que pode ser o literario, e agradezo que Euseino? crease unha colección que explicitamente nos convida a iso.

Hai experiencias persoais no libro?

Quería escribir un libro apegado aos ritmos da miña vida, a lugares e vivencias familiares, si, mais o que se conta no libro non ten un correlativo na vida real. A historia da muller desaparecida nos asentamentos está inspirada nun caso que sucedeu, mais ao escribila inspireime en referencias literarias.

Na literatura galega hai moitos exemplos de mulleres desaparecidas que viven experiencias extremas: a Socorrito da Esmorga ou a muller sobre a que escribe Rosalía en *A xustiza pola man*. Interésame fundamentalmente xogar coas xenealoxías literarias e mesturar o real coa ficción.

Sobre os asentamentos da ditadura na Terra Chá, como se introduce este feito na historia?

Os plans de colonización da ditadura buscaban reorientar os hábitos dos labregos baixo a tutela estrita do réxime. En moitas ocasións, aqueles que ocuparon vilas de colonización eran vítimas de desprazamentos forzosos e tiñan que acomodarse a unhas pautas e a un xeito de vivir que non lles eran propias. É importante contar esta historia: a miúdo pensamos no campo galego como un espazo sen historia, fóra do tempo, e creo que é importante narrar as súas transformacións, ás veces forzosas, e tamén os actos de resistencia.

A palabra colonial sempre implica un proceso de creación e de destrución. Interesábame pensar sobre iso: que é o que se quixo construír, que se destruíu? Con todo, non é unha novela histórica e só aparece o Arneiro nun momento moi puntual... Non quería facer unha obra estritamente sobre os territorios de colonización, quería falar sobre o mundo contemporáneo onde pesaran as memorias, digamos, de historias e violencias pasadas.

Fonte: <https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/brais-lamela-literatura-galega-hai-exemplos-mulleres-desaparecidas-que-viven-experiencias-extremas/20221006213804154040.html>

